

HEROÍNA



Esta é a unidade didáctica sobre a película *Heroína*. Está realizada co obxectivo de que o profesorado despois de ver a película poida traballar algo dela na clase. O profesorado, en función da diversidade do alumnado, poderá crer necesaria a reformulación dalgunhas das preguntas, así como a eliminación ou o engadido doutras que pensen que poidan ser de utilidade para o seu alumnado.

Gustaríanos coñecer as modificacións que se fagan, xa que isto pode sernos de utilidade para a elaboración de próximas unidades. Podedes enviar ditas modificacións a ofi.normalizacion@vigo.org

Grazas.

Resumo da película

Este filme narra unha historia que acontece nos anos oitenta. Pilar, casada e con tres fillos, pasa de ter unha vida normal a ter que se enfrontar co maior problema da súa vida: un dos seus fillos é adicto á heroína.

Despois de ver o seu fillo converterse en delincuente e destruír a súa vida familiar, Pilar decide facer algo máis que lamentarse e emprende xunto con outros pais unha denuncia contra os traficantes e consumidores desta substancia.

Esta é a historia da loita de pais e nais contra o poder político, contra o poder económico e contra gran parte da sociedade, para amosar que os toxicómanos son vítimas.

A isto sumarase o drama individual de Pilar co seu fillo Fito, que vai soterrando a súa mocidade en prisións das que sae peor do que entra, rexidas por un sistema de xustiza incapaz de comprender que estes novos presos son máis enfermos que delinquentes. A relación entre Pilar e Fito é tempestuosa e contraditoria como a loita dos dous por sobrevivir.

Esta película narra o enfrontamento dunha muller pouco corrente contra o poder e a sociedade, a loita dunha nai excepcional que logra cambiar a mentalidade do seu tempo respecto aos drogadictos e ao narcotráfico; e trata especialmente do que significa todo isto dentro dunha familia.

O alumnado debe saber que este filme está baseado en feitos reais.

O director, Gerardo Herrero, explica como coñeceu a historia de Carmen Avendaño e a daquelas outras nais que ela representaba, que serviron para inspirar *Heroína*:

Dunha maneira casual lin unha entrevista a unha muller, Carmen Avendaño, onde falaba da súa vida, da súa asociación Érguete, da súa loita para desenmascarar os narcotraficantes e mais os seus cómplices. Tamén falaba das súas alegrías persoais, das súas tristezas, das súas loitas, dos seus obxectivos na asociación...

PREGUNTAS SOBRE A PELÍCULA

1. Presenta e analiza os personaxes principais e secundarios. Comenta o tratamento que ofrece a película sobre a implicación das nais fronte á dos pais.

2. Esta película está baseada na vida dunha muller que loita pola indefensión da sociedade ante unha lacra como é a droga e os narcotraficantes. Sabes como se chama na vida real Pilar, a protagonista da película? Axúdate de internet para buscar información relevante sobre esta persoa da vida real.

3. No filme falan da falta de apoio e información que tiñan as familias que se atopaban co problema da droga na súa casa. Naquela época a información sobre os prexuízos que estas substancias tiñan sobre o cerebro e o corpo e a adición que producían non se coñecían. Isto é un dos factores dos que se fala cando se fai un estudo da drogodependencia daquela época. Pensas que hoxe a mocidade está informada? Se é así, por que cres que segue a crecer o número de xente nova que toma drogas? Que farías ti para informar sobre os problemas que o consumo de drogas trae a unha persoa?

4. Na película, os pais organizan unha manifestación diante do pazo de Baión. Este pazo converteuse nun símbolo da loita destas mulleres contra o narcotráfico. Sabes dicir onde está, quen era o propietario? Se procuras en internet información sobre este caso, comprobarás que hai numerosas entradas. Por que pensas que segue, despois de máis de vinte anos a ter tanta importancia este pazo? Cres que pode ter que ver con todo o que conseguiron estas mulleres?

5. A seguir amósanse algunhas novas publicadas sobre o Pazo de Baión (novas adaptadas da Axencia EFE Galicia):

GALICIA RECIBE O PAZO BAIÓN COMO BANDEIRA CONTRA O NARCOTRÁFICO

O pazo de Baión, unha antiga propiedade do narcotraficante Laureano Oubiña,

entregouse a Galicia este mércores nun acto simbólico que levou como título «Unha vitoria contra a droga» e no que estiveron presentes o ministro de Sanidade e Consumo, Bernat Soria e o presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño.

Tanto o ministro como o titular da Xunta destacaron o gran labor das asociacións que loitan contra a droga e o narcotráfico, así como das familias afectadas por este problema. Ambos os dirixentes declararon que hoxe é un «día grande», xa que é unha desas datas que fan historia máis que outras.

Unha das loitadoras históricas contra o narcotráfico, a presidenta das asociacións galegas de loita contra esta lacra, Carmen Avendaño, foi a encargada de romper o ferrollo e de abrir as portas exteriores do pazo polas que, acompañada da sociedade galega, representada por autoridades e numerosas asociacións, accedeu ao recinto.

Comprado polos condes de Albarei, o pazo pertence á cooperativa vitivinícola Condes de Albarei, que comprou o edificio e o terreo circundante por 15 millóns de euros nun concurso público.

Entre as condicións da poxa atópase a obriga de destinar un 5 % da súa facturación aos programas de rehabilitación de dependentes do Plan nacional sobre drogas.

De mansión de «narco» a financiamento antidroga

O pazo foille incautado no seu día a Oubiña para satisfacer unha multa de 60 millóns de euros que lle impuxo a Audiencia Nacional por narcotráfico, ademais de seis anos e nove meses de cárcere.

Pasou a mans do Plan nacional sobre drogas, que propuxo vendelo xunto aos terreos adxacentes, adecuados para o cultivo do albariño, para financiar a axuda contra a drogadicción.

A poxa pola propiedade estivo paralizada uns meses porque as fillas de Laureano Oubiña presentaron recursos ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos para reclamar a propiedade do pazo Baión en calidade de herdeiras, aínda que non lograron que se admitise.

CONDES DE ALBAREI QUERE CONVERTER O PAZO BAIÓN NUN CENTRO DE ENOTURISMO

A adega cooperativa Condes de Albarei anunciou que converterá o pazo de Baión, expropiado ao narcotraficante Laureano Oubiña, no primeiro gran centro de enoturismo de España.

O obxectivo da firma vinícola é producir 160 000 botellas de viño de gama alta ao ano e alcanzar os 50 000 visitantes en 2010.

O proxecto está incluído no plan estratéxico elaborado o pasado ano e é tamén intención de Condes de Albarei investir o 5 % dos ingresos en proxectos de prevención, atención, reinserción social e rehabilitación de drogodependentes.

O xerente, Xavier Zas, explica no escrito que pretenden vender a maior parte da produción na propia adega, porque «hoxe en día, unha adega non pode dedicarse simplemente a facer viño e vendelo, hai que facer algo máis».

Para iso, rehabilitará as instalacións do pazo de Baión, onde instalará un pequeno hotel,

unha área para a celebración de congresos, así como un gran centro de atención ao cliente.

Adxudicación por 15 millóns

A adega galega Condes de Albarei adxudicouse o pasado mes de xuño o pazo de Baión por algo máis de 15 millóns de euros. A empresa, que competía na poxa con Marqués de Riscal e Martín Códax, presentou a oferta máis elevada para facerse coa propiedade incautada hai trece anos ao narcotraficante Laureano Oubiña.

Condes de Albarei pagará 15 millóns de euros por facerse coa propiedade, situada na localidade de Fontán, no municipio de Vilanova de Arousa, e que contén dous edificios rodeados dunha ampla zona dedicada ao cultivo de viñedos para a elaboración de viño albariño.

A explotación do Pazo de Baión levará un proxecto coordinado polo Plan nacional sobre drogas para a reintegración de persoas en proceso de rehabilitación e outorgará unha parte do beneficio obtido a asociacións de loita contra a droga.

Condes de Albarei é unha cooperativa da denominación de Rías Baixas fundada por oitenta socios en 1988 e que hoxe conta con 400, produce 2,5 millóns de botellas e rexistrou unha cifra de negocio de nove millóns de euros en 2007, cun crecemento do 20 % con respecto ao exercicio anterior.

Coñeces a estrutura que segue a redacción dunha noticia? Busca as características que definen unha noticia nestes exemplos e noutros que atopes en internet. Cres que estas novas se axustan ás características que deben ter as noticias?

6. Na película fálase da Fundación Érguete. Esta fundación nace en 1984, que coñeces desta asociación? Coñeces outras asociacións que loiten contra a droga? E asociacións que axuden á rehabilitación dos drogodependentes? Axúdate de internet para dar resposta a estas cuestións.

7. Cando as mulleres se manifestan, escoitan berros como «ide fregar». Isto ten unha connotación claramente machista. Daquela, máis ca hoxe, a voz da muller estaba apagada.

Reflexiona sobre a fortaleza destas mulleres que se enfrontan a xente de mafias narcotraficantes sen máis axuda que as súas voces e conseguen que se leve a cabo unha das máis importantes operacións contra o narcotráfico: a operación nécora.

Pensas que é posible que grazas ao esforzo destas mulleres a sociedade do momento se decatase da importancia das mulleres?

Porque cres que os homes nun principio non apoiaban estas mulleres?

8. Nesta película aparece a muller cun papel protagonista. A situación de comezos da década dos oitenta con respecto ás mulleres era negativa. Ata o ano 1981 non se reforma o Código civil e se modifican algúns artigos con texto como o que segue:

O artigo 57 obrigaba a muller a obedecer o marido e a licenza marital era como a súa sombra para todos os actos da vida. Sen licenza, practicamente a muller non podía nin facer testamento. Sen licenza, a muller non podía traballar, nin cobrar o seu salario, nin exercer o comercio, nin ocupar cargos, nin abrir contas en bancos, nin sacar o seu pasaporte, nin o carnet de conducir, etc.

Que desaparecese da lexislación española a obriga que tiñan as mulleres de pedir permiso ao pai ou ao home para casar ou traballar foi un logro importante. Así que para a época non era normal que unhas mulleres comezasen a ter tanta forza. Por que cres que nun primeiro momento poucos eran os homes que loitaban con estas mulleres? Cres que cando comezaron pensaban que poderían chegar a cambiar as cousas?

9. Antes da modificación do Código civil no ano 1981 a muller solteira non podía abandonar a casa sen o consentimento paterno. Procura información en internet ou na biblioteca sobre outros cambios do Código civil en materia de igualdade.

10. A loita que se reflicte no filme logrou modificar a lexislación, na actualidade é posible o embargo das propiedades dos narcotraficantes. A operación policial que levou á detención dun dos maiores narcotraficantes do mundo en Galicia, a operación nécora, foi portada dos xornais da época. O xuíz que levou o caso foi Baltasar Garzón. Procura na rede información sobre a operación nécora: quen foi detido, por que motivos, en que datas...

11. No filme aparecen frases como as seguintes «Están os picoletos!», «Nin estudas nin das pancada», «Non se me poña farruco». Este tipo de frases e expresións fan referencia a un rexistro da lingua: a linguaxe coloquial. Que tipos de linguaxes coñeces? Pon exemplos. Axúdate da viñeta se o precisas para ofrecer unha explicación.



Adaptado dunha tira de Forges.

12. Debate. Lede con atención a seguinte entrevista, realizada pola xornalista Sol Alameda e publicada en marzo do ano 2000, que serve para entender cales foron os elementos que lles fascinaron ao director Gerardo Herrero e á guionista Ángeles González-Sinde, e que os levaron a facer a película.

Carmen Avendaño, «Nais contra a droga»

Está ameazada de morte polos clans galegos da droga. Dende que un dos seus fillos, toxicómano, lle pediu axuda, encarna a loita das nais de drogodependentes por acadar o respecto da sociedade para os enfermos e o rexeitamento absoluto aos narcotraficantes. Hai tres semanas, un autobús cheo de mulleres detívose fronte ao xulgado de Caminha, en Portugal. Procedían de Vigo, e pretendían ver o xuízo contra un par de

narcotraficantes, un pai e o seu fillo. Todas as mulleres eran nais, irmás ou avoas de drogodependentes, e realizan a miúdo este tipo de accións. Moitas enfeitáronse con coidado para a ocasión: foron á perruquería, pintáronse. Unha vez dentro da sala fican en silencio. A súa presenza talvez non logre avergoñar os narcos, pero ao velas, a xente lembra, a opinión pública fórmase. Entre elas, Carmen Avendaño é quen leva a batuta. Nun momento sae da sala e fala con dous mozos xornalistas portugueses. «Mirade nenos, dilles, no voso país a prensa non se ocupa de informar sobre o problema do tráfico de drogas, pero resulta que os narcos galegos están actuando aquí, trasladáronse a Portugal, e como non fagades contra eles, en poucos anos ídesvos atopar cun problema tremendo».

Carmen ten cincuenta e cinco anos, un rostro anguloso, unha voz forte. Non anda con medias tintas. Naceu no barrio do Calvario, e aos dezanove anos, logo da súa voda, trasladouse a Lavadores. Sen auga nin sumidoiros, sen luces públicas, non entendía como a xente podía vivir alí, que non se rebelase.

Cando descubriu que un dos seus fillos se inxectaba heroína, dedicouse para sempre a axudar os drogodependentes. É fundadora da asociación Érguete, que ten 400 socios e logrou rehabilitar o 30 % dos drogadicctos que pasaron por alí. De Lavadores a Bruxelas, Carmen pasou por moitos lugares, dando conferencias, aprendendo. Coñécena os consumidores e os narcotraficantes, os políticos e os xuíces. Para a opinión pública galega é esa persoa que, nun momento dado, lle abriu os ollos a unha sociedade calada e lle dixo o que pasaba no lugar onde vivía.

Reflexiona sobre a vida de Carmen. Pensas que debería facer algo diferente do que fixo? Como reaccionarías ti no seu caso? A película transmite o que se conta nesta entrevista? Pensas que esta situación pertence ao pasado ou pola contra segue a estar de actualidade?